Ás árbores da vida

MILAGROS FERNÁNDEZ

Catedrática de Lingüística na USC

A película-poesía do director Terrence Malick, A árbore da vida (2011, The tree of life) é unha sinfonía musical de imaxes, unha metáfora de traxectorias vitais enigmáticas ao son da peza de François Couperin (1668-1733), As barricadas misteriosas. A existencia como odisea emocional.

Hai árbores que definen unha vida. A figueira do patio da nosa casa foi sombra amiga nos veráns abafantes do Monterrei de cando nena. Na Alameda-Ferradura de Compostela algúns troncos tamén marcan fitos. Un carballo impoñente arroupaba nos anos 60 ás nenas que viñamos examinármonos ao Instituto Rosalía de Castro. Agora, cada vez que paso e miro, esse carballo ten a maxia de facer retratos de todas nós, a Maribel, a miña prima Ana, a Conchita.

As cousas que permanecen no tempo identifican e dan raizame. Mágoa que a figueira e as escaleiras de pedra na casa de Albarellos desapareceran. Moito contarían de xogos, conversas, quereres e trastadas adolescentes.

Para nenas de aldea en Bacherelato, a Compostela de 1966 era música de Machín (Angelitos Negros) mesturada coa Anduriña de Juan e Junior naquela Rúa Nova con arrecendo á polbo e á viño acedo. E tamén a residencia das monxas con escaleiras e paredes de pedra que aínda fica no mesmo edificio. Das tascas orixinarias non queda ningunha.

A cidade debuxada no maxín daqueles primeiros anos coma o enorme souto da Alameda, as pedras musicais e os vendedores de cupón, agrandouse e marcou cores na metade dos 70, tempos de vigor universitario. Estaban as escaleiras de madeira encerada e estalante e os balcóns do Colexio Maior Virxe do Portal. Emerxían multiplicándose as panificadoras industriais do pan Piana. Compostela medraba no Ensanche, e a Praza Roxa chamaba a atención. Eran días de querer secar a humidade, tempos de maletas arrastradas cara un tren fatigoso e lento que semellaba non chegar nunca.

Daqueles anos mozos persisten as Bibliotecas con máis libros, os pisos compartidos quizais xa con calefacción, a Universidade co seu pouso de coñecemento, e algúns bares e cafés. Tamén o Ensanche, agora menos estreito e máis humanizado. O pan artesán tan estimado de seu na nosa terra borrou as veleidades das panificadoras industriais.

Vivir en Compostela non é coma vivir nun lugar calquera de Galicia. Coma outras cidades galegas, Santiago posúe miolo do país que combina esferas rurais e urbanas, coma se fora unha Galicia en pequeno. Pero ademais, a cidade ten espellos que proxectan o noso e reflicten o de fóra. A Universidade e o Camiño de Santiago son elementos que nos revelan no mundo, e son canais extraordinarios de mestura e comunicación exterior. Identificannos en sermos galegos e ábrennos portas ao mundo. A Compostela dos anos 80 producíame as mesmas sensacións pracenteiras e naturais que as notadas no País Vasco dos 60, as de poder relacionarse con outros sen deixar de ser galega. As notables melloras urbanísticas na cidade e os cambios socioeconómicos foron motores para o turismo, asentaron a solvencia cultural, e promoveron a excelencia e a diversificación universitaria. O ferver de Compostela era síntoma do xantar que se servía e degustaba.

No Santiago e na Galicia de hoxe non hai que limitarse tan so á Catedral, ao Obradoiro, ao Auditorio de Galicia ou á Universidade, tamén o granito das pedras, as zoas verdes, os camiños ás beiras do Sar e do Sarela son, entre outros, ingredientes de seu que teñen trascendencia. Son elementos que nos distinguen na súa persistencia. Nun mundo global e conectado na virtualidade, diverso na realidade, o que permanece e segue estando é porque amosa a cerna, o esencial. Son os ósos do esqueleto, a savia das árbores. O escritor estadounidense Don DeLillo alerta nesa novela rotunda que é Submundo (1997, Seix Barral) da cegueira causada por non ter palabras para mirar o propio e poder proxectalo no alleo.

A Administración que Galicia merece

CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

Doctora en Dereito e Codirectora de Red Locais

¿Qué tipo de administración pública temos en Galicia? E ¿qué tipo de Administración debemos ter? Ao longo do ano os cidadáns interactúan en múltiples ocasións coa administración. Reciben e prestan servizos de diferente natureza, pagan impostos, realizan trámites, solicitan permisos, pero, lamentablemente, non sempre dun modo satisfactorio.

En Galicia, estas relacións establécense coa Xunta de Galicia, con 4 Deputacións Provinciais, 313 Concellos, Mancomunidades, Consorcios, Entidades Locais Menores, Entidades instrumentais, coa Administración periférica do Estado, a Axencia tributaria, seguridade social e administración de Xustiza, entre outros. Pero aínda que a personificación da administración adopta múltiples formas aos cidadáns só lles importan os resultados, con independencia de quén ou qué administración é a responsable.

Tradicionalmente, identificamos administración con burocracia, con papeis, despachos, e funcionarios anticuados, con portelos que distan moito do novo marco no que está inmersa a sociedade, pero a administración está cambiando, e ademáis, é moito máis que papeis, é Sanidade, Educación e Benestar, estos tres sectores da xestión pública constitúen o triple eixo que permiten garantir os dereitos máis básicos dunha sociedade avanzada, de administración de "nova xeneración", que debe adaptarse a novos paradigmas, e ao novo entorno de relacións do século XXI.

Contamos un sector público cunha gran potencialidade, pero que debe encarar os importantes retos que conleva respostar ao momento actual, fronte a unha sociedade cada vez máis lexitimada e uns poderes públicos menos lexitimados, toca revisar o modelo weberiano da administración para preguntarse cómo respostar ás novas demandas. Galicia, cunha poboación envellecida e unha forte dispersión territorial ten que adaptar o modelo de xestión pública a ditas circunstancias. A chegada das novas tecnoloxías pode representar e debe representar un elemento facilitador nas relacións cidadáns coa administración, evitando desprazamentos e custes innecesarios. Pero ese é tan só un dos elementos a ter en conta, para acadar a administración que os cidadáns merecen: una administración innovadora, achegada aos cidadáns, eficaz e eficiente, e baseada no bo goberno.

Unha administración innovadora. Nos tempos do internet das cousas e da inteligencia artificial corremos o risco de identificar administración electrónica con innovación. Non é así. A famosa transformación dixital é unha necesidade pero tamén unha obriga legal e sen dúbida un dos grandes retos que afrontan. Pero a administración electrónica non é por si mesma administración innovadora, tan só é unha ferramenta de mellora, porque a innovación social debe ser a gran aposta da administración, xerando valor público e reinventando os perfís tradicionais.

Unha administración próxima aos cidadáns. Achegada aos seus problemas, pero non dende una posición de forza, coactiva e de poder, no que os cidadáns se posicionan a modo de súbditos, senón dende a apertura dos procesos de toma de decisión, dunha administración que promove a participación da sociedade, a escoita activa e que rinde contas da súa xestión. Que abre as portas a través da transparencia, a colaboración-participación e rendición de contas, unha administración que encaixe nas políticas públicas de goberno aberto.

Unha administración eficiente e eficaz. Que utiliza racionalmente os recursos públicos e optimiza a súa aplicación, pero non en termos puramente económicos e economicistas senón en termos de máis e mellor servizo público, de servizos públicos de calidade, con especial atención a aqueles sectores máis desfavorecidos, priorizando a construcción dunha sociedade en igualdade de oportunidades.

En definitiva, Galicia e os galegos e galegas merecen unha boa administración. Unha administración guiada por un bo goberno, cun funcionamento baseado na transparencia, presidida por exemplares códigos de conducta e coa ética pública como timón que orienta os procesos de xestión e preside o día a día. Unha administración que pasa dunha posición reactiva, a unha posición proactiva, xestionando a demanda a prol dos cidadáns. Porque bo goberno é tamén bo administración. A administración do S.XXI.